

Avanza na súa transformación dixital**A NOVA VERSIÓN DA APP EROSKI PERMÍTELLE AO USUARIO PERSONALIZALA E IDENTIFICARSE COMO SOCIO EROSKI CLUB NAS TENDAS**

- **Inclúe unha versión dixital da tarxeta EROSKI Club que lle facilita ao Socio Cliente identificarse na tenda a través do seu móbil, sen levar a súa tarxeta física**
- **Ademais incorpora un novo botón de enlace coa web EROSKI Club Mastercard para poder realizar consultas e xestións coa tarxeta de pagamento**
- **Os usuarios poden personalizar a páxina de entrada coas iconas das súas funcións preferidas**

Elorrio, 4 de setembro do 2017.- EROSKI avanza na súa transformación dixital e presenta novidades na súa última actualización da app EROSKI para que todos os seus usuarios poidan seguir gozando de xeito máis cómodo das funcionalidades desta aplicación destinada aos Socios Cliente de EROSKI Club.

A aplicación, dispoñible para sistemas operativos IOS e Android, leva en funcionamento algo máis dun ano e contabiliza máis de 3 millóns e medio de interaccións dos usuarios ao mes. Trátase dunha canle de comunicación permanente cos Socios Cliente e entre as súas funcións permite consultar as ofertas da súa tenda habitual, realizar listas da compra ou localizar as tendas EROSKI máis próximas ao lugar onde se atopa o usuario.

"O uso das tecnoloxías elevou o nivel de esixencia dos consumidores, que esperan unha proposta comercial multicanle e unha atención personalizada. EROSKI Club é a base para avanzar nesa multicanalidade, situando o cliente no centro da estratexia. En EROSKI dotámonos de tecnoloxía e capacidade para atender e darlle resposta ao crecente uso das canles online e estamos preparados para avanzar na nosa transformación dixital e responder ao consumidor dende a construción dunha proposta axustada ás súas expectativas e propoñerlle solucións innovadoras", explicou a directora de Márketing de EROSKI, Eva Ugarte.

Unha das novas funcións que incorpora a actualización é a personalización da páxina de inicio. Esta novidade permite que o uso da aplicación se adecúe ás preferencias dos usuarios e dá-lle visibilidade a novas funcións como a busca de tendas e o contacto con EROSKI.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
ÉDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

Versión dixital da tarxeta de fidelización EROSKI Club

Outra das novidades que presenta a actualización é que inclúe unha versión dixital da tarxeta EROSKI Club, que lles permite aos Socios Cliente identificarse na tenda sen levaren a súa tarxeta, directamente dende o seu móbil. Actualmente máis de 100.000 socios EROSKI Club son usuarios da aplicación móbil. Concretamente, a aplicación mostra unha versión dixital da tarxeta cun código EAN que se pode ler directamente dende o escáner da caixa. *"Con esta nova función dámoslle resposta a unha petición de numerosos Socios clientes. Con ela facemos máis doado o acceso ás vantaxes das que dispoñen coa tarxeta EROSKI Club"*, sinalou Eva Ugarte.

Ademais, a actualización presenta outra novidade ao incorporar un novo botón que permitirá enlazar coa web de EROSKI MasterCard, onde o usuario, logo de se identificar como titular da tarxeta, pode realizar consultas e xestións referidas á tarxeta de pagamento.

400.000 cupóns activados ao mes

Todas estas novas funcións súmanse ás xa existentes e fan que a aplicación sexa xestionada dun xeito eficiente, áxil e sinxelo. Os usuarios poden activar comodamente, cando e onde queiran, vales desconto dixitais personalizados, consultar ofertas, o saldo monetario da súa tarxeta ou os seus puntos Travel Club. Cada mes actívanse unha media de 400.000 cupóns de desconto a través desta aplicación.

EROSKI Club é un elemento troncal do modelo comercial "contigo" que impulsa a cooperativa como motor de transformación da súa actividade comercial. A participación dos Socios Cliente a través de diferentes canles é un elemento fundamental na estratexia de escoita activa ao cliente que leva a cabo a cooperativa para a mellora continua das tendas e a adecuación da súa proposta comercial "contigo" ás expectativas do seu cliente e ao propio contorno competitivo.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)